



8. Baixa Idade Media

Para comezar

- Sabías que a Baixa Idade Media foi un período de crise e revoltas na procura de melloras sociais, económicas e políticas?
- Os cambios que se produciron supuxeron as bases da modernidade. Imaxinas cales foron estes cambios?
- Cres que algún destes cambios chegaron ata a nosa época? Cales serían os máis importantes?

Os albores da Modernidade

A Baixa Idade Media é un período de crise e transformación. A peste, as malas colleitas e a fame ofrecen un panorama de crise xeneralizada no século XIV.

Pero é tamén o tempo da toma de consciencia do campesiñado e dos grupos urbanos excluídos da economía e a política, que a través de violentas revoltas alzaron a súa voz fronte aos señores e as oligarquías urbanas dando pé a un cambio no mundo medieval feudal e sentando as bases da Modernidade. Queres saber como pasou?

O noso proxecto



O proxecto

Nin a Peste Negra nin a crise económica da Baixa Idade Media entorpeceron a inventiva da sociedade medieval.

É nos séculos XIV e XV cando se asenta a renovación da linguaxe artística que nos conduce ao Renacemento, o desenvolvemento das armas de fogo que mudarán por completo as tácticas militares ou a invención da imprenta.

O **primeiro grupo** desentrañará os segredos da cúpula coa que Lorenzo Brunelleschi cubriu a catedral de [Santa María da Flor](#), en Florencia. Dramatizaredes unha entrevista ficticia co arquitecto italiano. Centrádevos na [maquinaria](#) e no [sistema construtivo](#) que empregou para rivalizar coas cúpulas da Roma clásica.

O **segundo dos grupos** dramatizará tamén unha entrevista, neste caso a uns cabaleiros e soldados da Baixa Idade Media impresionados polo uso de armas de fogo, que acaban de ver por primeira vez. Comprobaredes que a [pólvora](#) foi introducida a mediados do XV en Europa polos turcos, que a empregaron na toma de [Constantinopla](#). A pólvora fixo necesario repensar a estratexia militar e a estrutura [dos castelos](#) e [das murallas](#) medievais, inútiles ante un ataque con armas de fogo.

Desenvolvida a mediados do século XV en Alemaña, [a imprenta](#) é un deses inventos que cambiaron o curso da historia. Porén, igual que na actualidade [o libro impreso e o dixital](#) conviven, a finais da Idade Media popularizouse o [libro impreso](#) sen que o libro manuscrito fose eliminado de golpe. O **terceiro grupo**, nunha cuña publicitaria imaxinarás como podería [Johannes Gutenberg](#), o inventor da imprenta, convencer aos seus contemporáneos das vantaxes do libro impreso sobre o manuscrito.

Aquí tes un documento para avaliar o teu traballo e o do teu grupo.

A crise baixomedieval e a Peste Negra

Ao longo do século XIV Europa viviu un período de **crise económica xeneralizada**, cuxas consecuencias se deixaron sentir en todos os ámbitos, tanto no campo coma na cidade. Non será ata mediados do século XV que comecen a aparecer os síntomas da recuperación.

Fame, guerras e peste

Desde comezos do século XIV os rendementos agrarios en Europa descendieron debido a unha sucesión de malas colleitas, provocadas polas **malas condicións climáticas**—**duros invernos** e exceso de chuvias— e pola baixa calidade das novas terras explotadas nas roturacións da Plena Idade Media, que ofrecían unha menor produtividade.


A crise agraria puxo fin ao ciclo expansivo experimentado nas centurias anteriores, pois supuxo un desaxuste entre produtores e consumidores: o estancamento da produción non foi quen de satisfacer as necesidades dunha poboación que non deixaba de medrar. A súa principal manifestación foi a fame, como a que asolou o Norte de Europa entre 1315 e 1317.

A Baixa Idade Media foi ademais unha época de frecuentes guerras entre señores feudais ou entre monarcas polo control —ou ampliación— do territorio, como a Guerra dos Cen Anos (1337-1453) entre os reinos de Francia e Inglaterra. Tamén se produciron guerras civís entre candidatos ao trono, como a Guerra das Dúas Rosas (1455-1485) en Inglaterra, que enfrontou a casa de Lancaster e de York. Os exércitos saqueaban vilas e cidades, e arrasaban as terras de cultivo ao seu paso, arruinando aos campesiños. Estes conflitos bélicos crearon un ambiente de inseguridade e desviaron boa parte dos recursos cara á guerra, o que agudizou a crise.



Batalla de Azincourt.

Este panorama desfavorable agravouse a partir do ano 1347, cando Europa se viu assolada por unha terrible epidemia coñecida como a «Peste Negra». A enfermidade chegou aos portos europeos procedente de Asia, seguindo as rutas comerciais, e en pouco tempo espallouse vertixinosamente desde a costa cara o interior do continente.



A falta de coñecementos médicos, as pésimas condicións de hixiene e a mala alimentación foron factores que contribuíron á propagación da Peste Negra.

Os efectos da epidemia sobre unha poboación xa debilitada por mor da mala alimentación foron devastadores, disparando a **mortalidade**: aínda que non podemos cuantificar a súa incidencia de forma precisa pola ausencia de fontes, diferentes estimacións indican que entre un 25% e un 70% da poboación faleceu dependendo das zonas de estudo. Arredor de 50 millóns de persoas perderon a vida, a metade delas en Asia e África, e a outra metade en Europa, que chegou a perder case un terzo da súa poboación.

Consecuencias da crise

A crise manifestouse en distintos ámbitos: a demografía, a economía, a política e a mentalidade das xentes da época.


Consecuencias demográficas

	1300	1400	1500
Europa setentrional	100,0	72,2	83,3
Europa noroccidental	100,0	52,3	70,9
Europa central	100,0	64,4	99,1
Europa meridional	100,0	67,2	82,1
Europa occidental	100,0	64,1	89,6
Europa oriental	100,0	92,8	125,4

Evolución da poboación en Europa durante a Baixa Idade Media. Índices con base 100 en 1300.

Desde o punto de vista demográfico supuxo unha **interrupción do crecemento** experimentado ata o século XIII. A fame, as guerras e a peste provocaron un espectacular **aumento da mortalidade, especialmente da infantil**. A incidencia sobre a poboación foi tal, que esta non se recuperou ata mediados do século XV.

Número de nenos superviventes na familia segundo os testamentos da rexión de Lyon



Fonte: Lorcín, M.T., *La France au XIIIe siècle*. Paris, 1975

Destaca a elevada mortalidade infantil durante o século XIV e parte do XV.

A crise afectou máis duramente a quen tiñan como principal fonte de ingresos as rendas procedentes do sector agrario, provocando un intenso movemento migratorio cara ás cidades, as cales convertéronse no refuxio máis apropiado para facer fronte ás numerosas adversidades. Así, moitos núcleos rurais foron abandonados e convertéronse en despoboados, retrocedeu o espazo cultivado e o bosque novamente gañou terreo. O país mellor estudado é Alemaña: alí sabemos que dos 170 000 núcleos rurais existentes a comezos do século XIV, 40 000 foron abandonados dous séculos máis tarde.


Consecuencias sociais e económicas

Aínda que moitos **campesiños** abandonaron as súas terras e dedicáronse a novos oficios como a artesanía ou no servizo doméstico aos nobres, os sobreviventes da crise saíron beneficiados. Os que quedaron no campo puideron ocupar terras de boa calidade abandonadas durante a crise e volveron a dinamizar a produción rural.

A **nobreza** atopou nas cidades unha saída á crise do campo e algúns entraron a formar parte da administración monárquica, ocuparon cargos municipais ou fundíronse coa burguesía e o mundo comercial e dos negocios.

Outra consecuencia da crise foi o **desaxuste de prezos e salarios**. Nos anos malos, o

descenso da produción e a escaseza facían aumentar o prezo dos alimentos, pero cando esta se recuperaba os prezos volvían caer. Paralelamente, o descenso da man de obra provocado pola crise demográfica fixo que os salarios aumentaran. Os traballadores que sobreviviron á crise puideron negociar unhas mellores condicións laborais pola escaseza de man de obra dispoñíble.



Fonte: Baséase no estudo de: Bois, G., *A gran depresión medieval*.

Evolución dos salarios dos xornaleiros en Ile de France.

Para os grandes propietarios feudais —alta nobreza e institucións eclesiásticas— a crise supuxo unha caída das rendas procedentes do campo, debido á limitada man de obra, o despoboamento de terras ou o aumento dos salarios. Para compensar estas perdas endureceron as condicións do campesiñado: os señores esixiron impostos e prestacións que caeran en desuso (malos usos) e prohibiron aos campesiños abandonar as terras para dispoñer máis facilmente do seu traballo e evitar a súa fuxida ás cidades. Deste xeito, a condición xurídica do campesiñado empeorou, especialmente en zonas da Europa oriental onde moitos labradores convertéronse practicamente en servos.

Polo que respecta ao sistema económico, a crise actuou como un estímulo que favoreceu a **transición** do modelo medieval de base agraria no que a riqueza estaba ligada á posesión da terra. Na Baixa Idade Media sentáronse as bases do novo mundo moderno caracterizado por unha **economía comercial** na que os centros de poder se trasladan paulatinamente ás cidades.

A crise nas mentalidades

Autor: [Paolo da Reggio~commonswiki](#)



O triunfo da morte.

As catástrofes vividas ao longo do século XIV, especialmente a peste, deixaron unha forte pegada na mentalidade da época. O impacto psicolóxico traducíuse nunha **crise espiritual e de valores** caracterizada por unha visión pesimista e catastrofista do mundo.

Nunha sociedade dominada polo pensamento relixioso e sen medios para comprender o que acontecía, o desconcerto ante o «triunfo da morte» levou á busca de explicacións sobrenaturais e produciu en moitas persoas reaccións extremas ante o que consideraban castigos divinos.

Neste contexto xurdiron os flaxelantes, que percorrían as cidades castigándose con cordas ou cintos con puntas metálicas para aplacar a ira de Deus. Camiñaban de aldea en aldea en grupos portando unha cruz, descalzos e co torso espido, ao tempo que oraban e entoaban cantos relixiosos. Aínda que non foron aprobados polo papa, que

os considerou un desafío á súa autoridade e declarounos herexes, os espectáculos dos flaxelantes despertaron gran apoio popular.



Flaxelantes representados nunha miniatura de 1349. O texto en latín que acompaña a ilustración está escrito en letra gótica, moi estendida na época.

A convivencia constante coa morte orixinou un mundo macabro e profundamente sombrío, que tivo o seu reflexo na arte e na literatura dos séculos baixomedievais nas danzas da morte ou danzas macabras. Nelas, a morte era representada alegóricamente como un esqueleto humano que convidaba a personaxes representativos das distintas ordes sociais a bailar arredor dunha tumba.



As danzas macabras foron un tema recorrente nunha sociedade marcada pola presenza da morte.



Sabías que...?

O gusto polas danzas macabras deixou múltiples pegadas na cultura contemporánea.

Unha das obras máis populares do compositor francés [Camille Saint-Saëns](#) é a súa [Danza Macabra](#). Foi estreada en París en 1874 e nela descríbese a Morte tocando o violín na medianoite convidando ao resto de instrumentos a sumarse a ela.

O director [Ingmar Bergman](#) rodou en 1957 «O sétimo selo», na que recrea maxistralmente o ambiente oscuro e desolador que deixara a Peste Negra na Suecia do século XIV. O filme conta a historia dun cabaleiro mailo seu escudeiro que regresan de Terra Santa logo de participaren nas Cruzadas. No camiño aparéceselles a Morte, coa que manteñen unha conversa sobre a vida mentres xogan unha partida de xadrez.

Máis recentemente, o director californiano Tim Burton abordou esta estética en filmes como [Pesadelo antes de Nadal](#) ou [A noiva cadáver](#).



Cartel do musical «Pesadelo antes de Nadal».

O terror e a desesperación levaron a moitos a buscar culpables a toda costa, suscitando un ambiente de superstición, intolerancia e desconfianza ante o «outro». Producíronse persecucións a minorías como os árabes, os xudeus ou os leprosos, aos que se acusaba sen fundamento de envelenar as augas e diseminar a doenza. Un dos pogroms antixudeus máis coñecidos produciuse nos reinos cristiáns peninsulares, na cidade de Sevilla en 1391.



Representación de 1349 dunha queima de xudeus no contexto das persecucións orixinadas pola Peste Negra.

A recuperación do século XV

A maioría de historiadores sitúan a recuperación a mediados do século XV, aínda que o final da crise varía en función das zonas estudadas. As epidemias remitiron e a pesar de que as guerras persistiron, foron menos destrutivas, polo que Europa experimentou unha recuperación demográfica.

Ademais, as terras que se deixaran sen traballar puxéronse producir de novo, co que se ampliou a superficie cultivable e a comercialización dos excedentes. Unha vez superadas as dificultades da depresión, a economía europea iniciará un novo ciclo expansivo que se estenderá ao longo do século XVI.

Tregua entre Castela e a Hansa (1443)

«Para gloria da Santa Trindade e para incremento do seu comercio en común, as nacións da Hansa teutónica de Alemania e de Castela, grandes inimigos en tempos pasados por culpa de Satán, chegan aos seguintes acordos:

1. Primeiramente, que ditas nacións recoñecen e ratifican ambas unha tregua durante os tres próximos anos.
2. Todos os mercadores, mariños e súbditos da nación alemá da Hansa teutónica poderán con absoluta liberdade e seguridade ir, volver, deterse e morar segundo a súa conveniencia en todos os lugares, cidades e portos do moi ilustre rei de Castela, cos seus bens, propiedades, mercancías e corpos.»



PH. Dollinger. *La Hanse*. París. 1964. Recolle, J.L. Martín. *La Hansa*, Cuadernos de Historia, 16. Madrid. 1985.

Actividades

1. Observa a gráfica e responde ás cuestións.



Indica a información que ofrece.

Evolución demográfica en Inglaterra





2. Describe a evolución da poboación.

Evolución demográfica en Inglaterra



3. Explica as causas que explican a tendencia durante os séculos XIV e XV.

Evolución demográfica en Inglaterra




4. Le o texto e analízao a través das cuestións:

A que grupo social pertence o autor do texto?


«No nome de Deus, amén. Saiban cantos esta carta visen que eu Bertrán Bertranes, licenciado en leis, cóengo da igrexa de Ourense, pola graza de Deus e da santa igrexa de Roma; séndome denunciado e dito, por persoas eclesiásticas e segrares desta cidade e bispado de Ourense, dignas de fe e de crer, que as viñas, casas e casares, cortiñas e chousas, que están na cidade e nos arredores dela e nalgúns coutos do devandito señor bispo, fican ermas e despoboadas, e a monte porque os labradores non as queren nin poden labrar. E unha razón é polos labradores que morreron na mortalidade e pestilencia que foi no ano da Era de 1348, de tal xeito os que quedan para labrar son poucos e minguados, segundo é

notorio, por todo o bispado de Ourense. Outra razón é porque as rendas son tan altas que non se atreven a labralas e déixanas e vanse a outras partes onde atopen mellores foros.»


Foro do mosteiro de San Pedro de Rochas. Ano 1352. [Adaptación]



5. Identifica no texto anterior os efectos da Peste Negra.



6. A que causa atribúe o texto anterior o abandono de terras?



7. Redacta unha noticia para un xornal narrando a descuberta do documento e a información que contén.

8. Selecciona os termos correctos para completar a información.

- a. A consecuencia da crise, moitas quedaron despoboadas.
- b. Interrompeuse o crecemento demográfico experimentado desde a .
- c. Ao descender a man de obra dispoñible, os salarios.
- d. A convivencia coa morte durante a Baixa Idade Media reflectiuse na literatura a través .
- e. A poboación culpou aos das desgrazas da peste, producíndose *pogroms*.
- f. A crise estendeuse durante toda a Baixa Idade Media, pois a recuperación comezou a mediados do século .

9. Amplía a información sobre a Peste Negra. Consulta a información, as imaxes e os textos históricos destas ligazóns e elabora un informe sobre as causas que se lle atribuíron á epidemia, os seus efectos e as diferentes


reaccións e actitudes vitais que as persoas adoptaron ante a epidemia.

A Peste Negra.




10. Fai o mesmo que a actividade anterior con esta ligazón:

A Peste Negra, a epidemia máis mortífera.



11. Fai o mesmo que a actividade anterior con esta ligazón:

A Peste Negra contra a humanidade.



12. Indica a que fai referencia a seguinte imaxe.




- ☐ As consecuencias nas mentalidades, presenza da morte e danzas macabras.
- ☐ Os flaxelantes, que apareceron como consecuencia da Peste Negra.
- ☐ Medo á morte.
- ☐ A Peste Negra. O esqueleto simbolizaba esta enfermidade.
- ☐ Un conflito que enfrontou a campesiños e artesáns coa nobreza tradicional.

Conflitividade social: revoltas campesiñas e urbanas

Ao longo do século XIV Europa foi escenario dun conxunto de revoltas simultáneas que se produciron tanto no medio rural coma no urbano. Estes levantamentos non foron simples reaccións ante as penurias e adversidades derivadas da crise, senón que se explican dentro dun contexto máis amplo de crise do sistema feudal: son conflitos que amosan a decadencia das vellas relacións de dependencia e fidelidade persoais, e da explotación agraria como fonte principal de riqueza económica.

Na base destas revoltas, rurais ou urbanas, estaba o desexo dos sectores populares de facer oír a súa voz e as súas demandas. No campo o conflito enfrontaba aos campesiños dependentes cos señores feudais e nas cidades á xente do común coa aristocracia formada polo novo patriciado urbano. Son polo tanto grupos sociais con intereses antagónicos.



Mapa das revoltas campesiñas e urbanas.

Campesiños e señores: os *malos usos*

Os levantamentos baixomedievais de tipo rural foron protagonizados polos campesiños, que comezaron a facer oír a súa voz para reclamar maiores cotas de liberdade. Fronte a eles, os señores feudais reaccionaron para defender a súa posición dominante na sociedade.

A nobreza non viu alterados os seus privilexios senón que, nun contexto de crise, aferrouse máis a eles. Os grandes propietarios feudais (nobreza e igrexa) viron reducirse as súas rendas, a súa fonte de riqueza fundamental, o que poñía en perigo o seu elevado nivel de vida. Para aumentar a recadación recorreron a prácticas abusivas

(malos usos), que incluían roubos de cereal ou gando, incluso secuestros por parte dos soldados e os representantes do poder feudal.



Os campesiños sufriron un aumento da presión dos señores feudais. En zonas de Europa volveu aparecer a servidume.

Os malos usos provocaron no campesiñado un sentimento de agravio, aldraxe e indignación que foi o detonante dos levantamentos. Na mentalidade campesiña, a idea da nobreza como garante da orde e da administración de xustiza cambiou radicalmente. Os campesiños referíanse ás fortalezas dos señores como «ñiños de malfeitores».

«Danos robos e males. Robo de ombres, personas y en sus vienes, robandoles sus bois y bestias y que les forçaban sus mugeres e fijas e que muchos de los dichos danos se azían ansi de las gentes que en sus casas como en la de las fortalezas.»

Testemuña de Preto Tabera-Fonseca, s. XV.

Os campesiños rebeláronse adoptando diversas **estratexias de loita**. Ás veces a súa

oposición consistiu en pequenos actos de sabotaxe, «distraendo» unha parte da renda ou demorando a súa entrega. Tamén recorreron a reclamacións pola vía xudicial, a través de peticións de auxilio dirixidas ao rei ou aos propios nobres. Pero en moitas ocasións as protestas derivaron en revoltas abertas e os campesiños asaltaron castelos e residencias nobiliarias e eclesiásticas.



Revolta campesiña

A estas sublevacións sumáronse membros do artesanado urbano, da pequena nobreza ou do baixo clero que vivían en contacto cos campesiños e simpatizaron coas súas revoltas, que interpretaban como castigos divinos provocados polo abuso dos poderosos.

A nobreza respondeu aos levantamentos enviando aos seus exércitos, e procurando un castigo forte e exemplar contra os líderes campesiños. A durísima represión exercida polos nobres acabou coas revoltas.

Flandres marítimo, 1323-1328

A revolta foi protagonizada polos campesiños, que se negaban a pagar os tributos esixidos polo [conde de Flandres](#) ou o décimo da igrexa. Sumáronse tamén os gremios de tecedores e bataneiros de Bruxas. Os rebeldes respondían ao toque das campás das parroquias e acudían organizados en bandas, desafiando a autoridade durante os cinco anos que durou o levantamento. Finalmente, en 1328 foi esmagado pola intervención en auxilio do conde das tropas francesas, que deu lugar a unha durísima represión.

Jacquerie de 1358

A insurrección orixinouse ao norte de Francia, e neste caso o descontento campesiño explicábase polas consecuencias da Guerra dos Cen Anos, que arruinara os campos e provocara críticas á nobreza. Consistiu nunha violenta revolta antiseñorial, protagonizada por campesiños que de novo contaron co apoio de sectores urbanos artesanais. Os rebeldes encamiñáronse á capital, incendiando castelos e asasinando algúns nobres. Aínda que foi sufocada polas tropas reais e os seus líderes decapitados ou aforcados^[1], a sublevación deixou unha forte pegada nas xeracións futuras. Tanto é así que o termo *jacquerie* continuou empregándose para designar as revoltas campesiñas producidas en Francia nos séculos posteriores.



Ilustración de finais do século XV. Os rebeldes enfróntanse ás tropas durante a toma dunha fortaleza en Meaux.

Revolta inglesa de 1381

Ao igual que na Jacquerie, a guerra dos Cen Anos sitúase na orixe da revolta inglesa de 1381, pois os campesiños e algúns sectores urbanos reaccionaron á imposición de novos tributos para financiar a guerra contra Francia. Os sublevados^[2], liderados por Wat Tyler, destruíron castelos e propiedades da Igrexa, marcharon sobre a capital, instaláronse na Torre e tomaron a corte e os pazos dos nobres. Nas reivindicacións dos rebeldes latexaba un desexo de igualitarismo que ben se pode resumir na frase^[3] atribuída ao clérigo John Ball, participante na revolta: «Cando Adán araba e Eva fiaba, quen era entón o nobre?». A resposta da nobreza non se fixo agardar, e aínda que nun principio o rei Ricardo II aceptara as peticións dos campesiños, aquilo non deixara de ser unha manobra para gañar tempo. Os nobres organizaron unha milicia que lles permitiu retomar o control da situación e a maioría dos líderes foron perseguidos, capturados e executados.



Pintura de finais do s. XIV na que se representa o final da revolta campesiña inglesa de 1381. O seu líder Wat Tyler é asasinado mentres o rei Ricardo II se dirixe aos rebeldes.

Irmandiños e *países* de remensa

A axitación campesiña tivo o seu reflexo nos territorios peninsulares. Unha das primeiras e máis importantes foi a revolución irmandiña en Galicia (1467-1469). En Cataluña, os campesiños (*países*) tamén enfrontaron aos señores na Guerra dos Remensas, que tivo lugar na segunda metade do século XV.

A pesar de que as revoltas só lograron limitar os poder dos señores en casos concretos e de que a meirande parte das insurreccións foron esmagadas, estes conflitos mostraron á nobreza a toma de conciencia dos campesiños descontentos coa súa situación e a súa capacidade para erguer a súa voz a través de accións violentas.

Clases populares e oligarquías urbanas

A conflitividade social nas cidades orixinouse polas profundas desigualdades existentes no seu seo. Mentres unha minoría —a oligarquía urbana— composta por banqueiros, grandes comerciantes e burócratas acaparaba a riqueza, as masas de asalariados padecían unhas condicións de explotación: horarios prolongados, duras condicións de traballo, ausencia de dereitos laborais e inseguridade por non ter as súas necesidades básicas cubertas. Ademais, estas clases populares estaban excluídas do acceso ao poder político local, en mans daquelas oligarquías.

A SOCIEDADE URBANA BAIXOMEDIEVAL

- **Clases altas.** Constituían entre o 10 e o 15% da poboación das cidades. Estaban formadas polo antigo patriciado urbano (nobreza), ao que se incorporan os burgueses enriquecidos —homes de negocios e grandes mercadores— que buscaban formas de vida que os asemellasen coa nobreza tradicional. Tralas revoltas, algúns mestres de gremios lograron ingresar nesta minoría privilexiada.
- **Grupos medianos.** Representaban o 25% da poboación urbana. Incluíanse os mestres de gremios, os profesionais cualificados (avogados), os administradores urbanos da alta aristocracia, ou os comerciantes.
- **Grupos menores.** Engloba a veciñanza común traballadora, que representaba o 60%. Os seus niveis de riqueza eran baixos, polo que participaron activamente nas revoltas esixindo melloras.
- **Marxinados.** Abrangue as persoas excluídas, como pobres, vagabundos, vellos, minusválidos, enfermos... Durante a Baixa Idade Media, nos arrabaldes das cidades, o seu número aumentou, polo que se puxeron en marcha mecanismos de control e asistencia a través de confrarías ou parroquias, ou [hospitais](#), que ofrecían aloxamento e comida.

Organizaremos as causas destes conflitos atendendo á súa tipoloxía:

Conflitos de orixe laboral

Foron conflitos de natureza económica, que enfrontaban aos mestres dos gremios cos que traballaban a cambio dun salario. As reivindicacións centrábanse no dereito ao traballo, no incremento do salario e na redución da xornada laboral.

Os medios de loita que empregaron para expresar as súas demandas foron as folgas ou a destrución de máquinas e ferramentas. Os artesáns lograron tecer lazos de solidariedade entre os que traballaban nun mesmo oficio, e coordinarse para formar asociacións ilegais.

Conflitos polo acceso ao poder político

Este tipo de conflitos xiraban arredor da loita polo poder político nas cidades. Os seus protagonistas foron artesáns, pequenos mercadores e profesionais que loitaban por acadar participación no goberno das cidades, en mans das oligarquías urbanas formadas por liñaxes nobiliarias, alto clero e grandes mercadores.

Foron máis intensos alá onde se concentraban os núcleos manufactureiros máis importantes. Nas cidades italianas destacou a revolta dos *ciompi* de 1378 en Florencia, un levantamento popular de grupos de pequenos artesáns —cardadores de lá— que foron quen de disputar o poder da cidade. Ou nos Países Baixos, onde os mestres tecedores organizaron revoltas en cidades como Bruxelas, Bruxas ou Lieja, coas que lograron incorporarse aos gobernos municipais.

Porén, o acceso de novos grupos ao poder das cidades foi precario e pouco duradeiro. A tendencia ao longo da Baixa Idade foi cara a concentración do poder nunha oligarquía urbana cada vez máis pechada e excluín-te, que acaprou o control das institucións municipais.

O MILENARISMO

Moitas revoltas baixomedievais tiveron un marcado carácter mesiánico ou milenarista. O milenarismo foi unha idea moi estendida xa desde os primeiros tempos do cristianismo que defendía a inminente segunda venida de Cristo á Terra, coa que se inauguraría un reinado de mil anos que precedería á fin do mundo (Apocalipse).

No contexto da crise do século XIV, as catástrofes eran, segundo este relato, sinais que advertían á humanidade de que a fin do mundo era inminente. Pero o milenarismo interpretouse nesta centuria de xeito optimista, como unha promesa ou esperanza dunha nova orde social perfecta e paradisíaca.

Aínda que foi condenado como unha herexía pola Igrexa, o milenarismo serviu de soporte ideolóxico ás revoltas dos séculos XIV e XV. Os insurrectos procuraban unha transformación radical da sociedade que puxera fin ás inxustizas e instaurase a perfección primitiva do paraíso terreal.

Arredor destas arelas igualitaristas agrupábanse os sectores excluídos dunha sociedade feudal en crise: campeciños, traballadores manuais, vagabundos e marxidados.

Un dos grupos milenaristas máis interesante foi a Irmandade do Espírito Libre. Descubre o seu pensamento [nesta ligazón](#).

Actividades

1. Sinala a resposta correcta.

- a. Cales foron as causas do descontento dos habitantes das cidades?
- ☐ Os prolongados horarios impostos polas confrarías.
 - ☐ Agravamento das condicións de traballo impostas polos señores feudais.

- ☐ As condicións de traballo e a exclusión do poder político.
- b. Como cambiou a mentalidade campesiña?
 - ☐ Xurdiu unha imaxe negativa dos señores a causa dos malos usos.
 - ☐ Intentaron imitar a forma de vida dos nobres, aínda que non foron ben vistos por estes.
 - ☐ Identificaron aos nobres coma os seus protectores ante os abusos do rei.
- c. Como se transformou a sociedade urbana?
 - ☐ A alta burguesía e algúns mestres dos gremios accederon aos postos de poder, ao tempo que aumentou o número de marxinados.
 - ☐ A nobreza tradicional quedou excluída do poder urbano a consecuencia das revoltas protagonizadas polos grupos medios.
 - ☐ Os traballadores manuais e pequenos comerciantes lograron acceder ás institucións das cidades, desprazando ao patriciado urbano.

2. Le o seguinte texto e análzao a través das preguntas.

«Algúnhas xentes das aldeas campesiñas reuníronse sen xefe en Baeuvais. Ao principio non eran nin cen homes e dixeron que todos os nobres do reino de Francia, cabaleiros e escudeiros traizoaban ao reino, e que sería gran ben destruílos a todos.

Entón, sen outro consello e sen outra armadura máis que bastóns con puntas de ferro e coitelos fóronse á casa dun cabaleiro que estaba preto de alí. Destruíron a casa, mataron ao cabaleiro, á dama e aos fillos. Logo, fóronse a un castelo e alí aínda actuaron peor (...). Así fixeron en moitos castelos e boas casas, e foron crescendo tanto que chegaron a seis mil. Ían aumentando porque todos os da súa condición seguíanlles por todos lados por onde pasaban (...) E todos estes criminais reunidos, sen xefe e sen armaduras saqueaban e incendiábano todo, matando a todos os nobres que atopaban. Estas xentes miserables incendiaron e destruíron máis de sesenta boas casas e fortes castelos.

Cando os señores viron as súas casas destruídas e mortos os seus amigos, pediron axuda a Flandres. Estranxeiros e nobres do país uníronse e

empezaron a matar e aforcar nas árbores aqueles miserables, sen piedade nin mercé. O propio rei de Navarra acabou un día con tres mil preto de Clermont.»

Jean de Froissart. Crónicas. S. XIV

- a. Que tipo de conflito describe o texto? Que grupos se enfrontan? De que levantamento pensas que se trata?
- b. Investiga na rede quen foi o cronista **autor** do documento. Pensas que a súa condición social lle inflúe á hora de relatar os feitos?

3. Completa o cadro de síntese da conflitividade social baixomedieval

CAUSA	PROTAGONISTAS	MÉTODOS DE LOITA

4. Observa o cadro *O matrimonio Arnolfini* (1434) do pintor flamengo Jan Van Eyck e localiza nel os elementos suntuarios que expresan o auxo da burguesía.



1

Cristal veneciano.

2

As tallas de madeira e ourivería
alemanas.

3

As peles procedentes do
Báltico.

4

As alfombras otomanas.

↑[1]
Revolta antiseñorial



↑[2]

Os sublevados, destruindo castelos e propriedades da Igreja



↑[3]

**Cando Adán araba e Eva fiaba,
quen era entón o nobre?**



WHEN ADAM DELVED AND EVE SPAN,
WHO WAS THEN THE GENTLEMAN?

O afianzamento da autoridade monárquica e auxe da burguesía

As monarquías feudais do occidente europeo, características da Plena Idade Media, viviron un proceso de transformación durante os séculos XIV e XV que conducirá ao xurdimento dos Estados modernos no XVI. Ao tempo, a burguesía consolidou a súa posición económica grazas á riqueza xerada co impulso do comercio, asentando as bases dunha sociedade capitalista.



Monarquías europeas no século XIV

Concentración do poder real: cara á Monarquía Autoritaria

As monarquías baixomedievais continuaron o proceso de afirmación iniciado xa nas centurias anteriores. O poder dos reis desprazou as pretensións universais do papado e o Imperio, pero impúxose tamén sobre os poderes locais que representaban os señores feudais.

A través de conquistas ou alianzas matrimoniais lograron ampliar os seus dominios, sobre os que afianzaron o seu poder territorial nun espazo definido por fronteiras cada vez máis claras.

Para iso dotáronse dun **aparato de goberno centralizado** que garantía a extensión da súa autoridade ao conxunto do territorio do reino, a custa da nobreza e a Igrexa. A

monarquía dotouse de instrumentos que permitiran facer efectivo o seu goberno, é dicir, que as leis promulgadas foran acatadas en todo o territorio. Estes foron os máis importantes:

Administración e burocracia

Creáronse cargos como o de corrixidor, cos que a monarquía estendía o seu poder ás cidades e impoñíase aos poderes locais da nobreza feudal. Ademais, os monarcas construíron un aparato burocrático ao seu servizo, formado por especialistas nas diversas áreas que o axudaban na administración do Estado.

Exército

Os monarcas comezaron a recrutar os seus propios exércitos, cada vez máis estables e numerosos. Isto significou a substitución dos exércitos de orixe feudal, vinculados á nobreza, por outros nacionais ao servizo do rei.

Fiscalidade

A burocracia e o perfeccionamento da administración permitiron aos reis dispoñer de crecentes ingresos, procedentes fundamentalmente do cobro de impostos nas cidades, cos que sufragaron os gastos que requiría o novo aparato estatal.

Ideoloxía


A consolidación do poder real valeuse tamén de ideoloxías útiles para ese fin. O Dereito Romano gozou de gran prestixio nas Universidades, pois ofrecía unha xustificación xurídica da autoridade real: «o rei é o emperador no seu reino». Tamén promoveron os elementos capaces de crear na poboación sentimentos nacionais que cohesionaran as nacentes comunidades políticas: unha mesma lingua e relixión, unha historia e un pasado compartidos, símbolos patrióticos como as bandeiras, ou mesmo a participación na guerra e a hostilidade cara os súbditos das monarquías veciñas.

A Guerra dos 100 anos (1340-1360)



- Posesións inglesas.
- Adquisición polo tratado de *Brétigny*. 1360.
- Vitorias inglesas.

A Guerra dos 100 anos (1360-1429)



- Territorio que recoñecía ao rei de Inglaterra.
- Territorio fiel ao rei de Francia.
- Posesións do duque de Borgoña.
- Territorio baixo o control do duque de Borgoña.

A Guerra dos 100 anos (1429-1453)



- Borgoña, aliada do rei de Francia polo tratado de Arras. (1435)
- Consagración do rei de Francia.
- Reconquistas de Carlos VII.
- Vitorias francesas.

A Guerra dos Cen Anos.

No proceso de afirmación das monarquías durante a Baixa Idade Media tivo unha extraordinaria importancia a Guerra dos Cen Anos (1337-1453). É considerado o último gran conflito medieval, e nel enfrontáronse as monarquías de Francia e Inglaterra. A orixe do conflito foi a reclamación dos dereitos de Eduardo III de Inglaterra (1327-1377) ao trono francés, pero co tempo víronse implicadas as principais potencias europeas da época (como por exemplo os reinos hispánicos), polo que se converteu nun conflito internacional a nivel europeo.

A guerra saldouse coa derrota do exército inglés a mans dos franceses en Castillon (1453). A partir de entón, Inglaterra renunciará a expandirse sobre o continente e limitará o seu ámbito de actuación ás illas. Francia, pola súa banda, logrou ampliar a extensión do reino até dimensións nunca antes coñecidas.

Trala guerra, Francia e Inglaterra constituírasen como Estados modernos, pois en ambos casos as monarquías aproveitaron o conflito para impoñer a súa autoridade, exercendo un maior control sobre os recursos e os grupos de poder.

Como os exércitos feudais non eran suficientes, os monarcas dotáronse de soldados de oficio, o que incrementou o seu poder militar. Ademais, a guerra foi unha boa xustificación para

aumentar a presión fiscal, co que a monarquía logrou fortalecer as súas finanzas.



Xoana de Arco. Durante a Guerra dos Cen Anos forxouse o mito do nacionalismo francés.

A finais do século XV a maioría das monarquías do occidente europeo atopábanse xa consolidadas como fortes poderes concentrados na figura do rei, ao que debían obediencia todos os habitantes do reino. Quedaban establecidas as bases da monarquía autoritaria, a forma política predominante na Idade Moderna, que evolucionará cara ao absolutismo.



Europa a finais do século XV.

A formación dunha sociedade burguesa nas cidades

As cidades, que foran a gran novidade da Idade Media Plena, continuaron o seu desenvolvemento e xogaron un papel fundamental no período tardomedieval. Mentres o campo se despoboaba as urbes funcionaron como focos de atracción da poboación no contexto da crise. Ademais de desempeñar funcións artesanais e comerciais, os núcleos urbanos eran centros de poder político para os nacentes estados e albergaban a alta cultura representada polas universidades.

En canto á actividade artesanal, a crecente demanda impulsou cambios na forma de produción de mercadorías, superando as limitacións do sistema gremial. As innovacións comezaron a aparecer no sector téxtil, na zona de Flandres ou nas cidades do norte de Italia. Xurdiu a figura do empresario-mercador, que facilitaba a materia prima e os instrumentos de traballo a familias campesiñas que elaboraban os produtos que logo serían recollidos e enviados ás cidades. Os campesiños dedicaban as horas libres a fiar ou tecer, obtendo así unha fonte complementaria de ingresos para a familia.

O empresario aportaba os medios de produción —materia prima e ferramentas— e ocupábase da comercialización das manufacturas nas grandes feiras celebradas nas cidades. Este sistema denominouse *putting-out system* —en inglés— ou *verlagssystem* —en alemán—, e superaba xa os estreitos marcos da produción gremial característica da Idade Media e que a partir de entón comezaría a súa crise. No novo sistema separábase o capital e a distribución, do que se encargaba o empresario, da man de obra que realizaba o traballador a cambio dun salario.

O desenvolvemento da produción manufactureira foi acompañada do desenvolvemento do comercio, un sector que a pesar das dificultades da crise non retrocedeu e mesmo progresou. Predominou o comercio a longa distancia por mar, favorecido pola extensión de melloras nos sistemas de cartografía como [atlas e portolanos](#) e nos medios de navegación como a carraca ou a coca. O eixe da actividade mercantil desprazouse do Mediterráneo ao Atlántico: na fachada atlántica destacou sobre todo o comercio arredor do mar Báltico (Hansa) e de portos coma Londres, Bruxas, Lisboa ou Sevilla.

As técnicas e instrumentos mercantís xurdidos na Idade Media Plena consolidáronse e o seu uso estendeuse, como os sistemas de banca e crédito ou a letra de cambio. Tamén se desenvolveron as sociedades mercantís para emprender negocios no comercio internacional. Un exemplo foi a Compañía de Ravensburg, xurdida a finais do século XIV na rexión alemá de Suabia e dedicada ao comercio a gran escala de teas ou azafrán. Os socios aportaban o capital necesario para emprender a actividade e logo repartíanse os beneficios. Co tempo outros socios participaron na sociedade investindo máis capital, do que agardaban poder obter beneficios.



O Palacio de San Giorgio en Xénova foi a sede dun dos primeiros bancos de Europa, fundado por algunhas das familias máis poderosas da cidade en 1407. Financiou empresas comerciais e actuou como prestamista das principais monarquías da época.

As innovacións na produción industrial, o auxe das cidades e o desenvolvemento do comercio e da economía financeira constituíron o escenario idóneo para a consolidación da burguesía. Este grupo social, escaso na Idade Media Plena, adquiriu unha importancia crecente pola riqueza económica obtida no mundo mercantil e dos negocios, se ben esta non lle permitiu acceder aos estamentos privilexiados. Moitos burgueses enriquecidos buscaron unha vía de ascenso social casando con familias con títulos, aínda que estes novos nobres non foron ben vistos pola nobreza tradicional. A burguesía introduciu na sociedade tardomedieval unha nova ética baseada no individualismo, no enriquecemento a través do traballo, o aforro e a inversión, sempre encamiñados á obtención de beneficios.



O cambista e a súa muller, Marinus van Reymerswale (1539).
A muller, distraída do libro de oración pola atracción que lle suscita o diñeiro, representa o conflito entre a oración e a avaricia.

Aínda que a moeda nunca desaparecera en Europa, o certo é que na Alta Idade Media o diñeiro era escaso e o seu uso limitado. O cambio producido na Baixa Idade Media sintetízase nas palabras do historiador Jacques Le Goff: «Se o home moderno non consegue vivir sen diñeiro, o home medieval mal coñecía o seu significado».

Coas transformacións económicas experimentadas, o diñeiro pasou a impregnar todos os ámbitos dunha sociedade cada vez máis monetarizada. O diñeiro servía ás monarquías para financiar os exércitos e os aparatos burocráticos, e aos comerciantes para poñer en marcha a súa actividade. A expansión da moeda viuse favorecida polo descubrimento de minas de prata na Europa Central.

O cambio foi alén do económico, pois a busca incesante do lucro económico constituíu

unha transformación cultural que non estivo exenta de controversia. Para acometer inversións importantes xeneralizáronse os préstamos a interese. Cando o interese esixido a cambio dun préstamo se consideraba **excesivo**, falábase de usura. A cuestión deu lugar a un intenso debate moral no seo da Igrexa. Xa o **Decreto de Graciano** de 1140 denunciaba que «todo o que se esixe máis alá do capital é usura». Para o teólogo do século XIII Guillerme de Auxerre, «dar en usura é en si mesmo un pecado» relacionado coa avaricia.


A pesar da condena da Igrexa, os mercadores practicaron o préstamo e a usura ideando mecanismos para encubrilos baixo a aparencia de operacións comerciais doutro tipo. Ademais, grupos como os xudeus comezaron a se identificar con este tipo de actividades, o que en ocasións servirá como escusa para movementos antisemitas.

As transformacións ocorridas no terreo económico supuxeron a crise do mundo feudal e o inicio dunha transición que se prolongará durante a Idade Moderna (séculos XVI a XVIII) que conducirá ao xurdimento do capitalismo. Na Baixa Idade Media perdurou a produción feudal ligada ao campo e aos gremios, pero xunto a este modelo medieval apareceu outro caracterizado pola división entre capital e traballo, entre mercador-empresario e traballador asalariado.

«A nova riqueza non é xa a da terra, a dos señores e dos mosteiros; é a dos burgueses, a dos mercadores e daqueles a quen chaman usureiros e que axiña se converterán en banqueiros. É a riqueza expresada en valor monetario.»

Le Goff, Jacques. *A Idade Media e o diñeiro*, 2012.

Ademais do afianzamento da autoridade dos reis, a principal novidade da evolución social na Baixa Idade Media foi o auxe da burguesía, que progresivamente desprazou en importancia a vella nobreza feudal terratenente. O ascenso deste grupo social explícase pola crecente importancia que na xeración da riqueza alcanzan as actividades comerciais e financeiras, en detrimento das agrarias. En definitiva, a monarquía dispuxo de ingresos procedentes das actividades, polo que estes dous grupos reforzáronse mutuamente.




A ríxida sociedade tripartita característica do feudalismo sufriu alteracións na Baixa Idade Media debido ao auxer da burguesía.

Actividades


1. Compara o mapa das monarquías europeas no século XIV co do século XV.

Explica os cambios acontecidos nas fronteiras dos reinos de Inglaterra e Francia.






2. Completa o comentario dos mapas analizando a evolución do poder dos monarcas.



3. Investiga: que territorios se atopan fragmentados desde o punto de vista político?




4. Le a cita destacada do historiador J. Le Goff e explica a partir dela o cambio social e económico acontecido na Baixa Idade Media.

«A nova riqueza non é xa a da terra, a dos señores e dos mosteiros; é a dos burgueses, a dos mercadores e daqueles a quen chaman

usureiros e que axiña se converterán en banqueiros. É a riqueza expresada en valor monetario».

Le Goff, Jacques. *A Idade Media e o diñeiro*.




5. Sinala as afirmacións correctas sobre a evolución das monarquías na Baixa Idade Media.


- ☐ Acadou máis poder ca na Idade Media Plena, debilitando á nobreza feudal.
- ☐ Recuperaron o poder que lles arrebataran os burgueses nas cidades.
- ☐ Ampliou os seus ingresos grazas a unha burocracia máis efectiva.
- ☐ Centralizaron o seu poder e estenderono ao conxunto dos seus reinos.

6. Tendo en conta a imaxe «[O matrimonio Arnolfini](#)», de Van Eyck, responde as seguintes cuestións.

Quen son os personaxes retratados? Investiga na rede quen era [Giovanni Arnolfini](#). A que grupo social pertencía?



7. En que situación aparecen representados os personaxes? Que pensas que querían expresar co encargo desta obra?



Ao peche

Que aprendiches?

1. Completa o seguinte esquema.

Avalíate

2. Sinala todas as respostas correctas. Lembra que hai máis dunha resposta correcta por enunciado.

Que consecuencias tivo a Peste Negra sobre a poboación?

- ☐ Aumentou a mortalidade infantil e reduciuse a natalidade.
- ☐ Desatou persecucións contra minorías relixiosas coma os xudeus.
- ☐ Provocou o colapso do comercio durante a Baixa Idade Media.
- ☐ Favoreceu a concentración do poder nas cidades nunha oligarquía cada vez máis pechada.

3. Cales dos seguintes factores explican as revoltas campesiñas da Baixa Idade Media?

- ☐ O incremento das rendas e outras prestacións esixidas polos señores.
- ☐ O sentimento de agravio polos abusos da nobreza.
- ☐ A competencia con campesiños doutras rexións.
- ☐ A emerxencia da burguesía, que os asoballaba.

4. Por que se produciron as revoltas urbanas?

- ☐ Como reacción de protesta ante a expansión da peste ás cidades.
- ☐ Porque non aceptaban os malos usos impostos polos señores.
- ☐ Porque os traballadores esixían mellores condicións laborais.
- ☐ Pola exclusión de amplos grupos do exercicio do poder político nas cidades.

5. Relaciona os termos da primeira columna coas explicacións da segunda.

A <i>Jacquerie</i>	Xuntaban o capital de diferentes socios para emprender negocios comerciais.
As sociedades mercantís	Interrompeu o ciclo demográfico expansivo da Idade Media Plena.
A Guerra das Dúas Rosas	Foi un levantamento campesiño en Francia.
Os malos usos	Foi unha guerra civil entre candidatos ao trono inglés.

A Guerra dos Cen Anos

Definiu as fronteiras de Francia e Inglaterra e fortaleceu as súas monarquías.

A Peste Negra

Contribuíron a xerar un forte descontento no campesiñado.

6. Relaciona os termos da primeira columna coas explicacións da segunda.

Os pogroms

Foi o resultado da concentración do poder real durante a Baixa Idade Media.

O milenarismo

Foi o compoñente ideolóxico de moitas revoltas baixomedievais

A monarquía autoritaria

Eran procesións de penitentes que xurdiron como consecuencia da Peste Negra.

O putting-out system

Significou a división do traballo entre quen aportaba o capital e quen realizaba o traballo.

Os flaxelantes

Consistiron en persecucións a minorías ás que culpaban da propagación da Peste Negra.

7. Sinala todas as respostas correctas.

Que características presentaba a sociedade baixomedieval?


- ☐ A burguesía consolidouse e enriqueceuse grazas á actividade mercantil.
- ☐ Desatou persecucións contra minorías relixiosas coma os xudeus.
- ☐ As cidades foron gobernadas democraticamente polo éxito das revoltas.

- ☐ A nobreza reforzou o seu poder económico procedente das rendas dos campestres.

8. O fortalecimento das monarquías viuse favorecido por...

- ☐ O poder económico da Coroa procedente do cobro de impostos nas cidades.
- ☐ Apoio económico que lle prestou a nobreza tradicional.
- ☐ Os desaxustes de prezos e salarios nas cidades.
- ☐ A substitución dos exércitos feudais por outros de obediencia ao rei.

9. Relaciona as datas co acontecemento correcto.



1337	Recuperación demográfica
1358	Xurde a monarquía autoritaria
1381	Comeza a guerra dos 100 anos.
1453	Remata a guerra dos 100 anos.
mediados século XV	Revolta inglesa liderada por Wat Tyler.
finais século XV	A Jacquerie.

10. Completa os ocos baleiros coa palabra correcta.

A primeira metade do século XIV foron anos de ,
provocadas polas malas condicións climáticas. Isto, sumado á epidemia de
 que asolou Europa a mediados da centuria e as
constantes guerras entre estados, provocou da
mortalidade que interrompeu o demográfico
característico da Idade Media Plena. Neste contexto de crise, moitos
campesiños abandonaron as súas terras e emigraron ás ,
que actuaron como un refuxio para a poboación.

11. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. Durante a Baixa Idade Media o comercio a longa distancia desapareceu pola inseguridade que ocasionaron as frecuentes guerras.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

-
- b. Nas cidades baixomedievais xurdiu un numeroso grupo de marxinados.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

-
- c. No *putting-out system* os campesiños realizaban tarefas artesanais contratados por un mercador.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

-
- d. A burguesía afianzouse como grupo social durante a Baixa Idade Media.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

- e. O milenarismo foi un movemento de apoio aos campesiños dirixido pola Igrexa.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

12. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. Os señores feudais, propietarios de grandes exércitos, reforzaron a súa posición fronte aos monarcas durante a Baixa Idade Media.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

- b. Unha das causas das revoltas nas cidades foi o descontento polas condicións que impoñían os señores feudais.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

- c. A Peste Negra interrompeu o crecemento demográfico que se viña sostendo desde a Idade Media Plena.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

-
- d. Grazas ás revoltas dos séculos XIV e XV os campesiños accederon ao poder político.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- e. A nobreza feudal reduciu os seus ingresos procedentes das rendas agrarias.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

13. Completa o seguinte texto.

comercio ● impostos ● cidades ● exércitos
monarquías ● burguesía

Ao longo da Baixa Idade Media, as ____ lograron fortalecerse e afianzar a súa autoridade sobre o territorio. O cobro de ____ procedentes das cidades, forneceu recursos económicos para financiar os seus propios ____ cos que imporse aos señores feudais. Ao mesmo tempo, nas ____ consolidouse o grupo social xurdido na Idade Media Plena: a _____. A súa importancia débese á riqueza económica obtida co ____ e a banca.

14. Selecciona a opción que fai referencia a cada un destes documentos.

«Nestes días chegou ao Consello dos señores e cabaleiros a noticia de que un arcediago, que dicían Ferrand Martínez, predicaba na praza contra os xudeus. Todo o pobo estaba mobilizado para ir contra eles, todas as

ciudades estaban movidas para destruír aos xudeus. As xentes estaban moi levantadas e a cobiza de roubar os Xudeus crecía cada día.»

«Nunha primeira aproximación poderíamos falar duns 14 ou 18 vilas abandonadas entre 1345 e 1410; e outras 15 entre 1410 e 1530. Trátase dunha cantidade importante se temos en conta que só 6 das 83 aldeas existentes en 1530 foron despoboadas nos 500 anos transcorridos desde entón.»

15. Sinala todas as opcións correctas.

Sobre a evolución da economía na Baixa Idade Media é correcto dicir que...

- ☐ A moeda alcanzou unha maior presenza nos intercambios.
- ☐ Adquiriu cada vez máis peso a economía comercial e urbana, en detrimento da feudal.
- ☐ Xurdiu o *putting-out system*, no que os campesiños traballaban con instrumentos e materia prima da súa propiedade.
- ☐ Recorreuse cada vez máis a créditos e ás sociedades mercantís para financiar empresas comerciais.

16. Sobre a evolución das monarquías na Baixa Idade Media e correcto dicir que...

- ☐ recuperaron o poder que lles arrebataran os burgueses nas cidades.
- ☐ acadou máis poder ca na Idade Media Plena, debilitando á nobreza feudal.
- ☐ ampliou os seus ingresos grazas a unha burocracia máis efectiva.

- ☐ centralizaron o seu poder e o estenderon ao conxunto dos seus reinos.

Reforza

17. Sinala a resposta axeitada.

As revoltas campesiñas...

- ☐ estouparon pola propagación da Peste Negra.
- ☐ tiveron un carácter antiseñorial.
- ☐ producíronse polo descenso dos salarios a consecuencia da crise xeneralizada.

18. A causa fundamental das revoltas urbanas foi...

- ☐ a desigual distribución da riqueza económica e do poder político.
- ☐ descontento coa Igrexa.
- ☐ a negativa dos cidadáns a aceptar a autoridade dos señores feudais.

19. A Guerra dos Cen Anos foi...

- ☐ un conflito entre dúas faccións aspirantes ao trono inglés.
- ☐ un conflito que enfrontou a campesiños e artesáns coa nobreza tradicional.

- ☐ un conflito entre as monarquías francesa e inglesa polo control do territorio.

20. A consolidación da burguesía ao longo da Baixa Idade Media baseouse...

- ☐ no comercio e nas actividades relacionadas coa banca.
- ☐ nas rendas que recibían dos campesiños que traballaban as súas terras.
- ☐ no cobro de impostos procedentes das cidades.

21. Completa os ocos baleiros coas palabras axeitadas.

A consecuencia da , diminuíron as rendas que recibían os . Para compensar as perdas, a nobreza exerceu unha maior presión sobre os . En resposta a estes , o campesiñado organizou violentas contra os señores. En moitas delas participaron tamén os e outros traballadores urbanos. A maioría saldouse cunha durísima por parte dos nobres contra os líderes dos rebeldes.

22. Completa os ocos baleiros coas palabras axeitadas.

interese ● mercador ● feudal ● banqueiro

No mundo ____ característico da Idade Media a fonte de riqueza máis importante procedía do traballo agrario. Na Baixa Idade Media cobraron maior importancia económica figuras como a do ____, que intercambiaba mercadorías nas grandes feiras, ou o ____, que facilitaba préstamos a cambio dun ____.

23. Relaciona cada concepto co enunciado que lle corresponda.

Portolanos e cocas	Estaban formadas por nobres e alta burguesía.
A Peste Negra	Xustificou o poder dos monarcas.
Os malos usos	Facilitaron o comercio marítimo de longa distancia.
O Dereito Romano	Xeraron un forte malestar no campesiñado.
Os flaxelantes	Foron duramente reprimidas polos señores.
As oligarquías urbanas	Reduciu a poboación.
As revoltas campesiñas	Apareceron como consecuencia da Peste Negra.


24. Sitúa os termos na columna que lle corresponda.

	Ámbito urbano	Ámbito rural
Hospitais	☐	☐
Señores feudais	☐	☐
Grandes mercadores	☐	☐
<i>Jacquerie</i>	☐	☐
Malos usos	☐	☐
Revoltas dos <i>ciompi</i>	☐	☐


Amplía

- 25.** Consulta esta [noticia](#) da prensa para coñecer o traballo dos equipos arqueolóxicos:


Por que se realizaron as escavacións?




- 26.** Que información aportou a disposición dos corpos atopados?



- 27.** Que outros recursos empregan os investigadores para obter información?



- 28.** Sabías que o entroido afunde as súas raíces na Idade Media? Consulta nesta [páxina](#) as orixes históricas do entroido. Que semellanzas atopas coa celebración actual? Podes profundizar no imaxinario medieval investigando na rede información sobre os [personaxes](#) de don Carnal e dona Coresma. Averigua que simboliza cada un e atopa unha famosa representación deste tema na [pintura](#).



Actividade de síntese


- 29.** Amplía a información sobre a peste a través deste [recurso](#) interactivo:

Ademais da do século XIV, que outras epidemias de peste se produciron ao longo da historia? Existen aínda casos na actualidade?

- 30.** Cal é o axente causante da enfermidade? Que medidas se adoptan nas zonas afectadas?

- 31.** Que avances médicos permitiron coñecer a súa orixe? Cando se deu cunha vacina para a enfermidade?

- 32.** Tamén podes apreciar o avance da peste negra no mapa interactivo. Cal foi a proceso de expansión?



Glosario

Carraca

Embarcación de vela creada polos comerciantes portugueses que destacaron pola súa solidez e gran capacidade de carga.

Coca

Embarcación de vela empregadas no comercio marítimo na zona do Báltico (Hansa) e despois adoptadas polos mercadores italianos. Podían ser manexadas por unha pequena tripulación e permitían navegar con maior seguridade reducindo os custos.

Confraría

Asociacións voluntarias de persoas que compartían uns mesmos intereses ou fins. En función dos obxectivos perseguidos falamos de confrarías de oficios (asociacións profesionais, gremios), relixiosas, de barrios, ou caritativas (asistencia a pobres e enfermos). Foron o instrumento fundamental para a sociabilidade, a cooperación e o apoio mutuo durante toda a Idade Media.

Corrixidores

Eran funcionarios que actuaban como representantes da Coroa nas cidades. Actuaban como delegados do poder real no ámbito urbano.

Danza macabra

Xénero artístico popular na Baixa Idade Media que consistía en representacións alegóricas da morte en diferentes escenas satíricas. Reflectían a preocupación polo tema da morte, que se representaba como un destino unificador da humanidade, ante o que todos os estamentos se igualaban.

Flaxelantes

Movemento estendido en Europa como consecuencia da crise do século XIV, aínda que xurdiran xa a mediados do século XIII. Dedicábanse á oración e vivían da caridade, e realizaban procesións de penitentes que se infrinxían duros castigos físicos baixo a crenza de que serían purificados e expiarían os seus pecados.

Guerra das Dúas Rosas

Foi unha guerra civil (1455-1487) entre a casa de Lancaster e a de York polo trono de Inglaterra, ambas descendentes de Eduardo III. Coñécese así polos emblemas de cada casa, York unha rosa branca e Lancaster unha rosa vermella. Na guerra enfrontáronse faccións da aristocracia terratenente e os exércitos feudais, e finalmente os Lancaster saíron vitoriosos.

Guerra dos Cen Anos

Foi un prolongado conflito bélico que enfrontou a Francia e Inglaterra desde 1337 a 1453. Foi unha guerra polo control do territorio entre dúas potencias tradicionalmente rivais durante a Idade Media, aínda que o detonante foi a aspiración do monarca inglés Eduardo III ao trono francés. Saldouse coa vitoria francesa.

Malos usos

Conxunto de obrigas e prestacións impostas polos nobres aos campesiños como consecuencia da crise do século XIV, e consideradas abusivas.

Monarquía Autoritaria

É a forma política xurdida a finais do século XV como froito da evolución da monarquía feudal. Caracterízase porque o rei logra impoñer a súa autoridade sobre os señores

feudal. Caracterízase porque o rei logra impoñer a súa autoridade sobre os señores feudais e dotarse de instrumentos (exército, burocracia...) para exercer o seu goberno sobre o territorio do reino.

Peste Negra

Epidemia de peste (tamén chamada peste bubónica) procedente de Asia que chegou a Europa entre 1346 e 1348 a través dun barco mercador. Caracterizouse por ser extremadamente contaxiosa e mortífera, provocando un significativo descenso da poboación en Europa, Asia e o Norte de África.

Pogroms

Actos de violencia multitudinaria contra minorías étnicas ou relixiosas que adoitaba ir acompañado da destrución dos seus bens. Na Baixa Idade Media xeneralizáronse como consecuencia da Peste Negra.

Préstamos a interese

Era aquel no que quen recibía os cartos debía devolver ademais da cantidade prestada (principal), outra cantidade a maiores establecida no acordo (interese).

Putting-out system

Forma de organización de traballo na que o mercador aporta a materia prima e as ferramentas (capital) aos campesiños, que entregan a súa man de obra (traballo). Posteriormente, o mercador-empresario encárgase da distribución das mercadorías obtendo así o beneficio.

Sociedades mercantís

Organizacións nas que varias familias vinculadas ao mundo dos negocios (como os Medici en Florencia) aportaban un capital común, que podía ampliarse pola participación de novos socios alleos ás familias. Habitualmente o capital investíase en actividades comerciais, das que posteriormente obtiñan os beneficios.

Usura

Refírese, no contexto dun préstamo, ao cobro dun interese considerado excesivo. Tradicionalmente, a Igrexa Católica condenou o cobro de calquera tipo de intereses por consideralos usura.

Ligazóns

O segredo do Duomo

<http://safeshare.tv/v/C83OKYj5GEw>

A cúpula de Brunelleschi

http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/la-cupula-de-brunelleschi_7970

Desvelado o segredo da cúpula de Florencia

http://cultura.elpais.com/cultura/2011/11/10/actualidad/1320879610_850215.html

A pólvora explosiva

<http://www.historiacultural.com/2009/05/la-polvora-explosivo-arma-conquista.html>

Os últimos días de Constantinopla

<http://anatomiadelahistoria.com/2011/12/los-ultimos-dias-de-constantinopla-i/>

Os castelos medievais

<http://castillosmedievalesdeeuropa.blogspot.com.es/>

Murallas

https://es.wikipedia.org/wiki/Muralla#Muralla_de_p.C3.B3lvora

Historia da imprenta

http://paginaspersonales.deusto.es/abaitua/konzeptu/w3c/imprenta.htm

Un invento histórico: a imprenta

http://safeshare.tv/v/P2MA7-oFAkE

Grandes xenios e inventos da humanidade

http://safeshare.tv/v/ss576273a98aacc

O monstro é o clima

http://elpais.com/elpais/2016/06/08/ciencia/1465404704_298855.html

Pequena Idade de Xeo

https://gl.wikipedia.org/wiki/Pequena_Idade_de_Xeo

Batalla de Azincourt

https://es.wikipedia.org/wiki/Batalla_de_Azincourt

Biografía de Camille Saint-Saëns

https://gl.wikipedia.org/wiki/Camille_Saint-Sa%C3%ABns

Danza Macabra. C. Saint-Saëns

http://safeshare.tv/v/ss576015992101e

Biografía de Franz Liszt

https://gl.wikipedia.org/wiki/Franz_Liszt

Biografía de Ingmar Bergman

https://gl.wikipedia.org/wiki/Ingmar_Bergman

Pesadelo antes de nadal

http://safeshare.tv/v/ALHKLmYgaINw

A noiva cadaver

<http://safeshare.tv/v/lkn2yYeAPhU>

A Peste Negra

http://recursostic.educacion.es/kairos/web/temas/Catastrofes/catastrofes3_01.html

A Peste Negra, a epidemia máis mortífera

http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/la-pestes-negra-la-epidemia-mas-mortifera_6280/9

A Peste Negra contra a humanidade

<http://sobrehistoria.com/la-pestes-negra-de-1348/>

O condado de Flandres

https://gl.wikipedia.org/wiki/Condado_de_Flandres

O milenarismo chegou e habitou entre nós

<https://www.diagonalperiodico.net/culturas/26986-milenarismo-llego-y-habito-entre-nosotros.html>

Biografía de Jean Froissart

https://es.wikipedia.org/wiki/Jean_Froissart

Xoana de Arco

<http://hemerotecamundial.blogspot.com/2012/06/juana-de-arco-la-visionaria-heroina.html>

A cartografía medieval

<http://clio.rediris.es/fichas/cartografia.htm>

A usura na Idade Media

<https://laicismo.org/usura-y-religion-en-la-edad-media/174080>

Decreto de Graciano

https://gl.wikipedia.org/wiki/Decreto_de_Graciano

Epidemias: peste

<https://www.educaixa.com/-/epidemias-pestes>

Atopan 13 corpos e cerámicas da época da Peste Negra en Londres

http://cultura.elpais.com/cultura/2013/03/15/actualidad/1363340971_414265.html

Entroido na Idade Media

<https://galego.farodevigo.es/portada-pontevedra/2014/02/23/elegancia-carnaval/972989.html>

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Felix Longueira Fafián, Davide Loimil González, Xosé Antón García González.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-122353-5-7